

ACORDO POLÍTICO ENTRE O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO GOBERNO DO CONCELLO DE VILALBA E O GRUPO MUNICIPAL DE VILALBA ABERTA (2)

O Grupo de Goberno do Concello de Vilalba e o Grupo Municipal de Vilalba Aberta **asinan o presente acordo** para a votación favorable á incorporación ao orzamento de remanentes de tesourería para o financiamento da actuación que segue e que se incorporarán á anualidade 2021 polo procedemento de modificación orzamentaria.

A través do mesmo, as dúas forzas políticas **acordan** a posta en marcha dun **Programa Municipal de Axudas Directas a Autónomos e Empresas** para o Concello de Vilalba.

Así, os abaixo asinantes comprométense a **votar favorablemente** á incorporación de crédito que permita ao Concello de Vilalba **outorgar liquidez aos autónomos e PEMES locais** que, en aras da xestión da situación de crise sanitaria, tiveron nalgún intre que pechar os seus establecementos dende que se decretara o Estado de Alarma en Marzo de 2020, por valor da cantidade total que a continuación se detalla:

Dotación de crédito para a posta en marcha dun Programa Municipal de Axudas Directas a Autónomos e Empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria causada pola COVID 19.
--

350.000€

En Vilalba, a 4 de agosto de 2021.



Mª Elba Veleiro Fernández (PSOE)



Modesto Renda Santiso (VA)

ACORDO POLÍTICO ENTRE O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO GOBERNO DO CONCELLO DE VILALBA E O GRUPO MUNICIPAL DE VILALBA ABERTA (1)

O Grupo de Goberno do Concello de Vilalba e o Grupo Municipal de Vilalba Aberta **asinan o presente acordo** para a votación favorable á incorporación ao orzamento de remanentes de tesourería para o financiamento das actuacións que seguen e que se incorporarán á anualidade 2021 polo procedemento de modificación orzamentaria.

As dúas forzas políticas manifestan a **vontade de consensuar** e poñer en marcha **iniciativas que redunden na mellora da calidade de vida** de vilalbesas e vilalbeses, prestando especial atención ao mantemento e rexeneración de **vías no rural e á humanización e accesibilidade** dos espazos do núcleo urbano .

Así, os abaixo asinantes comprométese á **votar favorablemente** á incorporación de crédito necesaria que permita ao Concello de Vilalba acometer as actuacións que a continuación se detallan:

1.- Pavimentación e rexeneración de vías na parroquia de Samarugo.	44.500€
2.- Conservación e mantemento de vías na parroquia de Alba.	68.000€
3.- Conservación e mantemento de vías na parroquia de Rioaveso.	60.000€
4.- Mellora de vías municipais en Nete, Ladra, Distriz e Rioaveso.	68.858,34€
5.-Demolición do parque acuático	48.399,19 €
6.- Aglomerado en Avda Terra Chá	48.346,98€
7.- Actuacións de mellora en diversos accesos a núcleos nas parroquias de Goiriz, Corvelle, Santaballa, Lanzós, Román e outras.	164.000€
8.- Proxecto de mellora no vía de acceso a Bidueiros.	24.982,34€
9.- Humanización da Travesía dos Castros	142.781,82€
10.- Acondicionamento de Praza en Rúa de Emigración	59.870,91€
11.- Mellora de accesos a barrios de Corvelle, Goiriz, Román Carballido e San Simón da Costa.	169.000€
12.- Pavimentación e mellora de vías municipais nas parroquias de Insua, San Simón, Torre e Ladra.	89.057,82€
13.- Pavimentación e renovación da rede de abastecemento de auga nos accesos á igrexa de Sancovade desde o núcleo urbano de Vilalba	76.746,67€
TOTAL	1.064.544,07€

En Vilalba, a 4 de agosto de 2021.



Mª Elba Veleiro Fernández (PSOE)



Modesto Renda Santiso (VA)